

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15007400	CPI de Ponte Carreira	Frades	2023/2024

Sumario

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.....	2
2. A contribución á adquisición das competencias clave.....	6
3. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.....	20
4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.....	21
5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.....	21
6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.....	22
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias.....	23
8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.....	24
9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.....	24
10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.....	25
11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.....	28
12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.....	29
13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.....	30
14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.....	30
15. Outros apartados.....	30

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Educación infantil:

Segundo o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Educación primaria:

Segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, a educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Educación secundaria:

Segundo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Somos un centro no que conviven tres etapas educativas (infantil, primaria e secundaria obrigatoria) e que a súa gran fortaleza é a capacidade que ten o alumnado de lexitimar todas as diferenzas, como un saber ancestral que arrastra e enche a alma de esperanza. Non buscan desculpas nin se fan preguntas. Son así como son, lexítima e necesariamente distintos. Hai, por suposto, alumnos con baixa autoestima, ausencia de metas, carencia de modelos de éxito, falta de atención positiva, pobreza ambiental, algún problema neurolóxico difícil de catalogar e, que, aínda así están integrados na aula, fan as súas achegas singulares e atopan o seu sitio.

A comunidade escolar do noso centro ten unha especial sensibilización con contribuír á adquisición dos seguintes obxectivos:

- a) Desenvolver ao máximo as potencialidades do alumnado.
- b) Desenvolver as competencias clave que todas as persoas necesitan para a súa relación, desenvolvemento persoal, cidadanía activa, inclusión social e emprego; un saber facer nun contexto determinado, traducido en accións eficaces.
- c) Potenciar, nun contexto multilingüe, a competencia comunicativa plena nas dúas linguas oficiais, e a competencia funcional nas linguas estranxeiras, tendo en conta o distinto nivel de exposición na súa contorna dunhas e outras.
- d) Artellar o deseño de actividades tanto curriculares como extracurriculares sobre valores que lles permitan planificar un futuro onde a responsabilidade individual sexa clave.
- e) Fomentar valores como responsabilidade no consumo, hábitos

saudables, asunción de nós mesmos como parte da natureza, flexibilidade emocional que en situacións difíciles lles permita camiños alternativos...; esixen que desenvolvamos plans de formación en centros arredor da creación dun horto ecolóxico, da posta en marcha dun programa de educación emocional, e tamén, da elaboración dun proxecto deportivo de centro.

- f) Potenciar a aprendizaxe humanística como fornecedora de cosmovisións plurais para que de forma crítica o alumnado poida elaborar o seu propio relato, e ter unha visión persoal do mundo e da vida (proxecto lector).
- g) Fomentar o diálogo e o respecto polas ideas dos demais (normas de convivencia), e propiciar actitudes solidarias (carreira solidaria) onde a diferenza sexa riqueza e o espírito de inclusión presida a nosa práctica educativa.
- h) Coñecer e valorar as prácticas comunitarias da súa cultura asociadas á festa e á celebración e portadoras dun saber necesario para o diálogo intercultural, que será o seu presente.

2. A contribución á adquisición das competencias clave

Todas as áreas ou materias do currículo deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL): realización de intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adulta dotados de intencionalidade e primeiro achegamento a través da linguaxe oral á cultura literaria (rimas, adiviñas, contos,...).
- Competencia plurilingüe (CP): inicio do contacto con linguas e culturas distintas da familiar.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM): iniciación nas destrezas lóxico-matemáticas e primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.
- Competencia dixital (CD): iniciación do proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): iniciación no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e avance na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de

comprensión e empatía.

- Competencia cidadá (CC): sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrecendo modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Ademais, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que irán integrando na súa vida cotiá.
- Competencia emprendedora (CE): sentar as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e fomentar a análise crítica e construtiva dende as primeiras idades.
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas e fomento da expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.

CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.

CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

CCL4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e aprendizaxe individual e colectiva; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.

CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, detectando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

- Competencia plurilingüe (CP)

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.

CP2. A partir das súas experiencias, recoñece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia .

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e da metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.

STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.

STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.

STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...), e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.

STEM5. Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.

- Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos .

CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.

CD3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas, e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.

CD4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

CD5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, solicitando axuda en caso necesario.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPAA)

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente;

colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.

CPSAA2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.

CPSAA3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos.

CPSAA4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.

CPSAA5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.

- Competencia cidadá (CC)

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CC1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplícaa de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.

CC2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade, e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.

- Competencia emprendedora (CE)

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza.

Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico- financeiro.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.

CE2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción .

CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos:

Ao completar a educación primaria o alumnado....

CCEC1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.

CCEC2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.

CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.

CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferetes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.

CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

- Competencia plurilingüe (CP)

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e

adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e da metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o

procedemento, se é necesario.

STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que podan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

- Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPAA)

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio. Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.

CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira

equitativa e empregando estratexias cooperativas.

CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

- Competencia cidadá (CC)

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

CC2. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

- Competencia emprendedora (CE)

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza.

Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico- financeiro.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden

supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos:

Ao completar o ensino básico o alumnado...

CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.

CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

3. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Seguindo as referencias lexislativas que regulan o currículo das diferentes etapas educativas en Galicia, considéranse elementos transversais os seguintes:

- A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.
- A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Cada departamento didáctico incluírá os temas transversais nas súas respectivas programacións de materia tendo en conta os seguintes criterios:

- Integración dos contidos transversais no traballo diario de aula.

- Diseñar actividades concretas nas que o alumnado adquira competencias relacionadas con este tipo de contidos.
- Elección de materiais e recursos didácticos que integren este tipo de contidos. Realización ao longo do curso escolar de diversas actividades relacionadas cos contidos transversais, como charlas, contacontos ou actividades complementarias e extraescolares.

4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos fomentar un tipo de aprendizaxe que busque o equilibrio entre a tradición pedagóxica e adaptación ás modernas metodoloxías.

No proceso de ensinanza-aprendizaxe, o profesorado debe servir principalmente de guía motivador, pero será o alumnado o que debe adquirir e construír o coñecemento. Trátase de provocar no alumnado a participación activa e a reflexión sobre os coñecementos adquiridos, é dicir, trátase de aprender a pensar e aprender a aprender. Para iso, trataremos de:

1. Diseñar actividades de aprendizaxe integradoras con visión interdisciplinar, con educación personalizada que combine coñecementos e motivacións, valores éticos, actitudes e emocións.
2. Darlle máis responsabilidade nas actividades de grupo ao alumnado menos motivado.
3. Diseñar actividades de aprendizaxe que propicien o desenvolvemento das distintas intelixencias, para atender á diversidade do alumnado.
4. Repetir prácticas educativas de éxito dos cursos anteriores.
5. Incidir na mellora da metodoloxía por proxectos e na posta en práctica da aprendizaxe cooperativa.
6. Non perder de vista os obxectivos funcionais que lle permitirán seguir avanzando na súa traxectoria curricular no futuro.
7. Coidar a selección dos contidos curriculares máis significativos para o alumnado.

O reto para o profesorado está en ser capaces de crear vínculos directos no alumnado entre o seu medio e o mundo ao que van ir.

5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A selección de materiais e recursos didácticos, así como a súa situación e distribución na aula supón un proceso de reflexión e elección importante para a tarefa educativa. Os materiais han de ser:

1. Variados.
2. Adaptados á idade e diversidade do alumnado.
3. Atractivos.

4. Permitir graos de uso diversos.
5. Manterase organizado e debidamente etiquetado para que sexa identificado polo alumnado.
6. Presentar modelos de diferentes culturas: música, libros de contos, obxectos...
7. Gran parte estará ao alcance do alumnado, seleccionando os que requiren supervisión do adulto dos que poden ser directamente accesibles aos pequenos.
8. Permitir autonomía á hora de recollelo e clasificalo.
9. Bo estado de conservación.
10. Renovarse periodicamente.
11. Aproveitaranse elementos do medio natural e sociocultural.
12. Fomentarán a reciclaxe.

6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O noso alumnado pode comezar os seus estudos en 4º de educación infantil, con 3 anos, e finalizalos aos 16 anos co título de graduado en educación secundaria, cunha bagaxe formativa e de experiencias que lles permitirán afrontar, de xeito satisfactorio, o acceso, tanto ao bacharelato como a un ciclo formativo de grao medio; ou, ben, cando as circunstancias persoais así o requiren, a unha formación profesional básica.

Educación infantil: durante os tres cursos desta etapa educativa o alumnado terá un titor/a que se ocupará de xeito globalizado das áreas de coñecemento propias da etapa, contando co apoio de profesorado especialista que traballará con eles: anticipación da lingua estranxeira, psicomotricidade, música, introdución ás TICs e relixión/atención educativa. Tamén se oferta, por parte do profesorado de audición e linguaxe, estimulación da linguaxe ao alumnado que o precise e o correspondente apoio dun profesional de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, cando as necesidades o requiren.

Educación primaria: o alumnado desta etapa educativa contará cun titor que se ocupará das materias troncais e profesorado especialista para as materias de inglés, música, educación física, relixión/proxecto competencial e o correspondente apoio dun profesional de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, cando as necesidades o requiren.

En ambas as etapas, o alumnado contará cun tempo diario de 20 minutos de lectura e práctica da oratoria integrada no currículo das diferentes materias.

ESO: nesta etapa, ademais das materias obrigatorias ofértanse todas aquelas optativas que o alumnado precisa a fin de conformaren a base necesaria para incorporarse con éxito aos diferentes itinerarios do bacharelato ou ao ciclo formativo correspondente. Tamén contan co correspondente apoio dun profesional

de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, cando as necesidades o requiren. Nesta etapa, o tempo diario de lectura e práctica da oratoria organízase do seguinte xeito: 20 minutos diarios integrados nunha sesión de clase, con carácter rotativo semanal (por exemplo: a primeira semana de clase adícanse á lectura os 20 primeiros minutos da primeira clase, a segunda semana os 20 primeiros minutos da segunda clase, e así sucesivamente).

7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Para o deseño das actividades complementarias teranse en conta os seguintes criterios:

- O alumnado debe participar tanto nas actividades lúdicas e culturais como nas saídas que o profesorado organice dentro do seu programa curricular a cal se terá en conta para a avaliación.
- Considerando o número de alumnos/as ou as características dos mesmos, estudarase a conveniencia de que algún profesor/a máis reforce aos responsables da saída.
- Antes de cada saída enviarase unha circular aos pais/nais/titores legais informándolles sobre a data, o lugar, os obxectivos da mesma e a contía da viaxe. En dita circular incluírase un espazo para a autorización da mesma por parte da familia que deberá ser entregada no centro no prazo establecido indicando a participación ou non na saída.
- Aquel alumnado que voluntariamente, é dicir, sen causa xustificada, non participe nalgunha actividade, poderá quedar excluído das restantes. Deberá asistir a clase e ofertaráselle actividades alternativas á saída programada, consensuadas co equipo docente d/a alumno/a afectado, xefe de estudos e orientadora. O/a alumno/a quedará acompañado por un profesor. De non haber ningún libre, poderá estar incluído noutro grupo.
- No caso das excursións con pernocta (non subvencionadas): programaranse ao comezo do curso e, para cada unha delas constituirase unha comisión organizativa (alumnado e profesorado organizador) que se ocupará de:
 - Buscar financiamento (cota semanal; solicitude de axudas ao concello, entidades bancarias da zona, cooperativas, venda de
 - lotería, etc.)
 - Elaborar propostas de viaxes cun compoñente cultural e outro lúdico.
 - Solicitar presupostos.
 - Organizarlas en datas que afecten o menos posible á organización académica do curso ou cursos.

8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Seguindo o disposto na Orde do 8 de setembro de 2021, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Dito plan será elaborado polo profesor/a que as imparta, tendo como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

1. Identificación do/a alumno/a.
2. Información relevante sobre a materia ou materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se empregarán.
5. Recursos necesarios.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Seguindo o lexislado na Orde do 8 de setembro de 2021, o alumnado de primaria que deba permanecer un ano máis no mesmo curso seguirá un plan específico de reforzo e o de ESO nesa mesma situación contará cun plan específico personalizado. Ambas medidas teñen como finalidade atender e superar as dificultades que levaron á repetición de curso. Dito plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do titor/a e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Deberá incluír, cando menos:

1. Identificación do/a alumno/a.

2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do plan.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. De ser o caso, posibles medidas extraordinarias necesarias.
7. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Usaremos a avaliación como ferramenta de traballo que nos permita axustar o proceso de ensino/aprendizaxe. No momento de avaliar teremos en conta algúns valores como:

- A claridade conceptual, que o alumnado asimile perfectamente os contidos e saiba manifestalo de maneira axeitada a súa idade.
- A orixinalidade nas súas creacións; esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno entende un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal.
- Limpeza na execución non só entendida dun xeito técnico senón tamén como efectividade intelectual á hora de expresarse.

A avaliación será continua. Partiremos dunha avaliación inicial que se realizará ao comezo do curso, logo faremos un seguimento continuado da evolución do alumnado ao longo do curso, valorando as actitudes, procedementos e coñecementos; mediante esta observación acadaremos a información necesaria para realizarmos unha avaliación formativa na que:

- Potenciaremos e faremos uso de coñecementos e habilidades que o alumnado incorporará progresivamente.
- Valoraremos a rigorosidade no pensamento lóxico e a correcta utilización de símbolos e normas coa precisión da linguaxe.
- Teremos en conta o traballo metódico e diario que o alumnado realizará na aula, deberes, presentación de traballos en prazo.
- Participación en clase.
- Avaliando as técnicas de uso de materiais e ferramentas (hábitos de traballo) así como a actitude aberta e crítica do alumnado, terase tamén en conta o uso das novas tecnoloxías.

- Por último realizaremos unha avaliación final. Para esta teremos en conta as diferentes probas (exames) e traballos (individuais e en equipo), que serán recollidos e cuantificados nas diferentes programacións:
- Probas de carácter parcial: controis parciais sobre a materia que conforma o currículo en cada avaliación.
- Probas de carácter global que abranguerán todos os contidos acadados ata ese momento. Nestas probas observarase e valorarase:
 - Rigoriedade na utilización da linguaxe específica da materia.
 - Claridade na exposición detallada dos pasos intermedios e non só no resultado.
 - Esfuerzo e interese pola utilización de coñecementos adquiridos. Para a cualificación terase en conta:
 - As cuantificacións recollidas nas diferentes programacións.
 - Comportamento xeral na clase: atención e saber comportarse na aula.
 - Actitude positiva e interese ante a materia.
 - Participación: tomar apuntes, preguntar, responder...
 - Respecto polos compañeiros/as, profesorado, material...
 - Asistencia regular, puntualidade.
 - Traballo fóra da aula.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

✓ **EDUCACIÓN PRIMARIA** (Orde do 26 de maio de 2023):

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

✓ **ESO** (Orde do 26 de maio de 2023):

Promocionará ao curso seguinte o alumnado que supere todas as materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas, considerándose para o cómputo das mesmas aquelas materias non superadas do propio curso e as dos cursos anteriores (pendentes).

Ademais de nestes casos, o equipo docente, poderá decidir a promoción dun alumno ou dunha alumna sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
2. Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
3. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
4. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
5. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Teranse en conta para a devandita votación os seguintes aspectos acordados na CCP do 17 de marzo de 2022:
 1. Asistencia regular e puntualidade ás clases.
 2. Mostrar interese, prestando atención e participando nas clases cunha actitude positiva.
 3. Realizar, e entregar puntualmente durante todo o curso, as tarefas que se lles encomendaron.
 4. Traer diariamente o material necesario para o desenvolvemento das clases.
 5. Cooperar nas actividades educativas, respectando e cumprindo as normas de convivencia do centro.
 6. Realizar as actividades de seguimento para a recuperación das materias suspensas do curso anterior.

A toma de decisións sobre a promoción será competencia da xunta de avaliación que o decidirá por maioría colexiada (maioría simple); todo o profesorado presente na xunta de avaliación que lle imparta docencia ao alumno ou alumna sobre o que se decide está obrigado a emitir un voto afirmativo ou negativo, sen que sexa posible o voto en branco ou a abstención.

CRITERIOS DE TITULACIÓN:

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias cursadas. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou

superior a cinco.

2. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
3. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Teranse en conta para a devandita votación os seguintes aspectos acordados na CCP do 17 de marzo de 2022:

1. Asistencia regular e puntualidade ás clases.
2. Mostrar interese, prestando atención e participando nas clases cunha actitude positiva.
3. Realizar, e entregar puntualmente durante todo o curso, as tarefas que se lles encomendaron.
4. Traer diariamente o material necesario para o desenvolvemento das clases.
5. Cooperar nas actividades educativas, respectando e cumprindo as normas de convivencia do centro.
6. Realizar as actividades de seguimento para a recuperación das materias suspensas do curso anterior.

A toma de decisións sobre a titulación será competencia da xunta de avaliación que o decidirá por maioría colexiada (maioría simple); todo o profesorado presente na xunta de avaliación que lle imparta docencia ao alumno ou alumna sobre o que se decide está obrigado a emitir un voto afirmativo ou negativo, sen que sexa posible o voto en branco ou a abstención.

11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Segundo o artigo 31 da Orde do 26 de maio de 2023 e o acordado na CCP do 17 de marzo de 2022, as alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. Cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

En todo caso, esta distinción adoptarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica:

1. Concederase a aquel alumno/a con nota media, no curso de 4º da ESO, de 9 ou superior a 9.
2. Se houberse empate, este dirimiríase considerando as centésimas.

3. En caso de continuar o empate, terase en conta a media dos cursos anteriores (ESO).
4. Se o empate persiste decidirá a xunta de avaliación valorando o esforzo realizado e as competencias adquiridas.

A toma de decisións sobre a obtención da matrícula de honra será competencia da xunta de avaliación que o decidirá por maioría colexiada (maioría simple); todo o profesorado presente na xunta de avaliación que lle imparta docencia ao alumno ou alumna sobre o que se decide está obrigado a emitir un voto afirmativo ou negativo, sen que sexa posible o voto en branco ou a abstención.

12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas incluírán, como mínimo, os seguintes aspectos recollidos no artigo 15 do Decreto 155/2022 e no artigo 16 do Decreto 156/2022:

1. Introducción.
2. Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
4. Metodoloxía.
 1. Concrecións metodolóxicas.
 2. Materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación.
 1. Procedemento para a avaliación inicial.
 2. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.
6. Medidas de atención á diversidade.
7. Transversal.
 1. Concreción dos elementos transversais.
 2. Actividades complementarias.
8. Práctica docente.
 1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Para a participación do centro en proxectos, plans e programas seguimos o seguinte procedemento:

1. Recóllense as propostas dos diferentes departamentos.
2. Valórase a viabilidade e idoneidade dos mesmos polo equipo directivo.
3. Preséntanse en claustro as diferentes propostas, e tómase a decisión final.
4. Infórmase ao Consello Escolar.

14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular é un documento flexible suxeito a un proceso de avaliación continua a través da análise interna do propio equipo directivo na súa posta en marcha e, a través das suxestións realizadas polos diferentes órganos do centro: Claustro, CCP e Consello Escolar. Ademais, neste proceso de avaliación tamén se terán en conta as novidades a nivel lexislativo para introducir as modificacións oportunas.

15. Outros apartados

Non se contemplan.